



# COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS E AUTOLIQUIDACIÓN DA TAXA

(Ordenanza Reguladora do procedemento de comunicación previa para a realización de obras, BOP nº 300, do 31/12/2015)

Selo do rexistro:

## 1. DATOS DO INTERESADO:

Nome e apelidos					
DNI / NIF			Enderezo		
Concello		Provincia		C.P.	
Correo electrónico					
Teléfono					

## 2. DATOS DO REPRESENTANTE:

Nome e apelidos					
DNI / NIF			Enderezo		
Concello		Provincia		C.P.	
Correo electrónico					
Teléfono					

## 3. OBRA OU ACTIVIDADE URBANÍSTICA A DESENNOLAR:

<b>Situación ou emprazamento:</b>	<b>Referencia Catastral:</b>
<b>Descrición da obra a realizar:</b>	<b>Orzamento de execución material:</b>
<b>Tarifa Aplicable:</b> 2% do Imposto de construcións, instalacións e obras 1% Taxa por licenza urbanística máx. 60 €	<b><u>IMPORTE A INGRESAR (€):</u></b>

A persoa solicitante ou o seu representante **declara baixo a súa responsabilidade** que é certo todo o que subscribe e ademais:

- Que as características indicadas anteriormente reflexan as obras a levar a cabo.
- Que as obras solicitadas non afectan ao volume ou á estrutura do inmovible.
- Que non se altera a distribución interior das vivendas nin as condicións de habitabilidade.
- Que se respectarán as normas de boa construción, convivencia cidadá e descanso dos veciños.
- Que se cumprirán os requisitos da normativa específica de tratamento de residuos.
- Que non se van a realizar obras suxeitas ao deber previo da obtención de licenza.
- Que conta coas autorizacións para a ocupación do dominio público ou sectoriais preceptivas e necesarias.
- Que achega toda a documentación preceptiva.

**AUTORIZA** aos efectos da normativa vixente de protección de datos de carácter persoal, a esta Administración á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a levar a cabo.

**E COMUNICA** que iniciará as obras a partir do día \_\_\_\_\_ (a comunicación deberá realizarse cunha antelación mínima de 15 días hábiles) e a obra terá un prazo de execución de \_\_\_\_\_ días.

ADVIRTESELLE que acordo ao artigo 194.5 da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia: “A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se aporta ou incorpora á comunicación previa comporta, trala audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos. A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a esixencia de responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ó recoñecemento ou ó exercicio do dereito ou ó inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado entre tres meses e un ano”.

En Meira, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

Asdo.: \_\_\_\_\_

**Conforme ao disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os seus datos serán tratados de maneira confidencial e poden ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Meira. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición, comunicándoo por escrito, no Rexistro do Concello.**

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MEIRA**

## **DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE ACOMPAÑAR Á COMUNICACIÓN PREVIA:**

- Copia di NIF ou CIF do promotor das obras.
- Xustificante do pagamento das taxas e do ICIO (Imposto sobre Construcción, Instalacións e Obras).
- Memoria na que se describan as obras a realizar.
- Orzamento de execución material das obras
- Plano de situación acordo á cartografía aplicable. Se existe división horizontal, sinalización concreta do inmovible/s sobre nos que se pretende levar a cabo a actuación urbanística.
- Identificación da parcela ou ben inmovible no que se vai a producir a intervención (recibo do IBI ou consulta gráfica e descritiva do Catastro).
- Fotografías do estado actual do inmovible ou parcela.
- No caso de Comunidades de Propietarios identificación do Presidente ou Administrador da Comunidade, xunto co acordo ou autorización oportuno.
- No caso de peches de parcelas, croquis no que quede suficientemente clara a ubicación respecto das propiedades lindantes e vías de acceso, indicando materiais a empregar, alturas e retranqueos.
- No caso de obras en fachadas que necesiten estadas ou andamios, certificado técnico competente no que se indique a colocación e que se fai baixo a súa dirección e que reunirán as debidas condicións de seguridade unha vez instaladas.
- No caso d presentar documentación técnica, declaración responsable ou certificado colegial do técnico competente no que figuren os seus datos profesionais de xeito que permita a súa identificación e no que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.
- No caso de actuacións urbanísticas que acordo ás normas urbanísticas e planeamento aplicables se atopen no ámbito de protección do órgano competente en materia de Patrimonio, copia da autorización ou informe favorable emitido ao respecto da actuación a levar a cabo.
- No caso de actuacións afectadas ou incluídas dentro do ámbito de protección en materia de augas, estradas ou outros organismos públicos que teñan establecido algún tipo de protección ou afección ao respecto da actuación a levar a cabo, copia ou ditame favorable.
- Autorización ambiental ou ditame preceptivo ao respecto nos casos en que sexa esixible.

**A documentación solicitada ten carácter enunciativo e non exhaustivo nin exclúinte de calquera outra que o técnico informante crea necesaria requirir, sempre antes dos 15 días hábiles, para unha correcta avaliación da actuación pretendida.**